

Comunidade Autónoma / Departamento / Estado	GALICIA
Municipio	LOUSAME
Edificio	Igrexa de San Xoán de Lousame
Dirección	Lugar de Seoane, s/n. 15214
	42.7727681019242 -8.843975464652864
Protección	
Descrición	Igrexa de estilo neoclásico con planta rectangular e muros de sillería de granito, tellado a dúas augas e cuberta de tella do país. Sancristía acaroada ao muro norte. Porta decorada con pilastras nos lados e un frontón con volutas na parte de enriba coa figura de San Xoán no medio . No medio da fachada unha ventá rectangular flanqueada por dúas pedras armeiras. Remate das esquinas superiores en pináculos, e do cume arranque un campanario de dous corpos. O primeiro con dous ocos de remate en arco de medio punto, onde se colgan as campás, e con pequena balaustrada sobre cornixa saínte con adornos de placas. O superior, vai a modo de pequena espadana onde está unha campá e acaba en cuberta de arco curvo con cornixa voada e pináculo de bóla igual aos da parte baixa. O templo está rodeado por un muro con balaustrada. Na parte da entrada o portón está enmarcado con dúas columnas con dúas grandes bólas de pedra.
Campás	2 campás.
Fotos	1
Toques actuais de campás	
Conservación, mantemento	
Propostas	
Autors da documentación	TROIANO CARRIL, Xosé / CAMPÁS E RELOXOS MONUMENTAIS DE GALICIA
Data	10-04-2022

Campás actuais

Localización	Campá	Fundidor	Ano de fundición	Diámetro (en cm)	Peso
Espadana	Campá menor (1)	SERNA, JOSÉ FRANCISCO (SANTIAGO DE COMPOSTELA)	1805		
Espadana	Campá mediana (2)	SERNA, JOSÉ FRANCISCO (SANTIAGO DE COMPOSTELA)	1806		
Espadana	Campá maior (3)	OCAMPO (ARCOS DA CONDESA)	1957		

Información completa: [Igrexa de San Xoán de Lousame - LOUSAME \(GALICIA\)](#)

PDF (29-06-2026)